



Plan de
Igualdade
de oportunidades

Concello de Chantada



II Plan de Igualdade de Oportunidades

Concello de Chantada

Concello de Chantada
II Plan de Igualdade





Indice

1. Saúdo do Alcalde
2. Introducción
3. Lexislación para a Igualdade
4. Obxectivos do Plan de Igualdade
5. Áreas de Intervención
 - I. Participación Social e Asociacionismo da Muller
 - II. Formación, Emprego e Conciliación
 - III. Educación e Cultura
 - IV. Benestar Social, Deporte e Saúde
 - V. Intervención Social e Violencia de Xénero
 - VI. Administración Pública
6. Organismo promotor e Entidades participantes
7. Ámbito Temporal e Xeográfico
8. Avaliación e Seguimento
9. Metodoloxía





1. Saúdo do Alcalde

O concello de Chantada afronta o seu **II Plan de Igualdade de Oportunidades 2013-2017**, co obxectivo de seguir avanzado na introdución da óptica de igualdade en tódalas políticas e a promoción da participación das mulleres de Chantada en tódalas esferas.

Dende aquí, quero expresar o meu profundo agradecemento, tanto ó persoal técnico das diferentes áreas municipais, coma as entidades sociais que colaboraron na xestión deste proxecto, pois considero que ese traballo conxunto foi determinante no resultado final.

En definitiva, con este instrumento, o que pretendemos é contribuír a que Chantada sexa exemplo no reparto, xusto e equitativo, das responsabilidades entre homes e mulleres nos distintos ámbitos da vida social e familiar, á vez que avanzamos na erradicación desas dúas grandes lacras sociais que son a violencia contra as mulleres e a discriminación.

O concello de Chantada asume o compromiso político de poñer os mecanismos ao seu alcance para desenvolvelo, aínda así será preciso que, institucións, asociacións, así como tódalas persoas, mulleres e homes, poñamos en marcha este II Plan coa idea de que beneficia a toda a cidadanía e o convencemento de que é o camiño cara a igualdade que precisamos

Cordiais saúdos,
Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
Alcalde de Chantada



2. Introducción

Hoxe en día a situación na que vive a poboación feminina segue sendo un dos desafíos máis importantes para tódalas organizacións que reclaman o cese da violencia hacia as mulleres e a fin da desigualdade e a discriminación por razón de sexo. A este desafío únese o concello de Chantada coa elaboración do **II Plan de Igualdade de Oportunidades 2013-2017**, e a posta en marcha das medidas que se propoñen nel.

O contido deste II Plan quere dar continuidade as accións emprendidas no marco do I Plan de Igualdade do concello, para fomentar o desenvolvemento dun municipio no que as mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades en tódolos ámbitos da vida pública e privada.

Ademais, o II Plan ten como finalidade mellorar a calidade de vida e benestar da poboación de Chantada mediante o impulso das políticas transversais e de acción positiva, que contribúan a crear condicións sociais que garantan que a igualdade de mulleres e homes sexa real e efectiva.

Contar con este Plan significa un compromiso do Concello coa sociedade e coa necesidade de traballar para que tódalas persoas teñan as mesmas oportunidades e dereitos. Tamén representa un exercicio de cooperación xa que tanto no seu deseño como no seu desenrolo e avaliación invita á participación da poboación e dos axentes sociais, conseguindo a súa vez a sensibilización en materia de igualdade das persoas que participan nestes procesos.



En definitiva, o II Plan de Igualdade de Chantada busca promover a igualdade entre as mulleres e homes do municipio, integrando de maneira efectiva a igualdade en tódolos ámbitos que afecten á vida cotiá das mulleres, fomentando unha modificación de actitudes, comportamentos, normas e valores que supoñen hoxe en día un obstáculo para a consecución da igualdade real das persoas.



3. Lexislación para a Igualdade

A igualdade de dereitos de mulleres e homes entra na axenda política a mediados do pasado século, o ser proclamada a **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**.

A **Nivel Internacional** debemos destacar a *Convención para a Eliminación de tódalas formas de Discriminación contra as Mulleres en 1979*, xa que comprometía a tódolos países a adoptar as medidas necesarias para facer efectivo o principio da igualdade de dereitos entre mulleres e homes.

As *Conferencias Mundiais sobre as Mulleres* (México 1975; Copenhague 1980; Nairobi 1985 e Pekín 1995) posibilitaron a elaboración dos Plans de Acción para a Igualdade, que non só guiaron as accións internacionais na consolidación da igualdade de dereitos, senón que inspiraron ós gobernos de todo o mundo para o desenvolvemento das políticas de igualdade e a implantación da metodoloxía de traballo dende a perspectiva de xénero.

No **Ámbito Europeo**, co *Tratado de Amsterdam de 1999* conságrase a igualdade como principio fundamental da Unión, fixando entre os seus obxectivos a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres. No obstante, foi a partir de 1996 tras a IV Conferencia Mundial das Mulleres, como resultado da Comunicación da Comisión, do 21 de febreiro de 1996, cando a Unión Europea incorpora a *transversalidade de xénero* de forma sistemática nas políticas e accións comunitarias. Resultado diso é o desenvolvemento para a Unión Europea dunha Estratexia Marco Comunitaria sobre a Igualdade entre Homes e Mulleres que fai efectiva a integración da igualdade de oportunidades en tódalas actuacións comunitarias.



A Nivel Nacional, o Estado Español establece a igualdade de tódalas persoas a través do *artigo 14 da Constitución de 1978*, e compromete a tódalas administracións para o seu cumprimento co *artigo 9.2* e se marca como obxectivo e estratexia de traballo a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres o formar parte da Unión Europea e incorporar o ordenamento xurídico español tódala normativa que emana das institucións comunitarias.

Nos últimos anos deuse un importante impulso o desenvolvemento da igualdade entre xéneros a través da:

- *Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.*
- *Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, que recolle a definición de igualdade psicolóxica, sexual e física, facendo tamén referencia ás medidas para combater a violencia de xénero.
- *Plan estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2008-2011).*

A Nivel Autonómico, podemos destacar varios documentos relevantes:

- *V Plan Galego para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2007-2010).*
- *Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.*
- *Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres en Galicia*
- *Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

Por último, debemos destacar a Nivel Municipal a *Lei de Bases de Réxime Local*, na que se lle atribúen ós municipios e provincias competencias en materia de servizos sociais e promoción e reinserción social, no *artigo 28*, faise referencia expresa á muller:



“Os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administración públicas e en particular, as relativas á promoción da muller.”



4. Obxectivos do Plan de Igualdade

O obxectivo que persegue a corporación municipal do concello de Chantada pódese resumir nunha vontade firme de integrar na vida municipal a igualdade de oportunidades e o empoderamento da colectividade feminina. No obstante este é un obxectivo moi xenérico e amplo que convén instrumentar nos seguintes principios básicos que dotan de sentido ás medidas contidas no II Plan de Igualdade de Oportunidades:

Sensibilización en Igualdade

Para toda a poboación do concello e para tódalas idades. E o primeiro paso para por en marcha políticas igualitarias, pero tamén un camiño sen meta para garantir a consolidación de cambios reais nas persoas.

Transversalidade ou enfoque integrado de xénero

Supón a implicación de tódalas áreas de intervención existentes no Concello, en aras a introducir a óptica da igualdade de oportunidades nas políticas, programas e actuacións que se desenvolven dentro del.

Accións positivas

Tratase de medidas específicas en favor das mulleres que permiten corrixir as situacións de desigualdade que viven respecto os homes.

Diversidade

O respecto á diversidade é especialmente importante para abordar as necesidades e intereses das mulleres, prestando unha especial atención a aquelas que se atopan en situación de vulnerabilidade.



5. Áreas de Intervención

I. Participación Social e Asociacionismo da Muller

Obxectivo Xeral: Promover unha participación activa na vida política e social das mulleres de Chantada.

Obxectivo específico: Favorecer a sensibilización e formación en igualdade de oportunidades ó tecido asociativo e a cidadanía en xeral.

Accións:

- ✓ Difusión do II Plan de Igualdade e das súas actuacións entre o tecido asociativo e a poboación de Chantada. Tanto ó inicio da súa posta en marcha como durante toda a vixencia do mesmo.
- ✓ Promover actividades dirixidas á cidadanía para sensibilizar sobre o papel das mulleres e a súa problemática actual, mediante a programación dos actos conmemorativos do Día Internacional da Muller (8 de Marzo).
- ✓ Impulsar actividades de formación relacionadas coa igualdade de oportunidades a tódalas asociacións do municipio, conseguindo así un maior coñecemento deste principio fundamental.



Obxectivo específico: Promover a creación de asociacións de mulleres no concello e impulsar a continuidade daquelas que xa están funcionando.

Accións:

- ✓ Organizar eventos ou xornadas onde as protagonistas sexan as mulleres representantes de asociacións femininas en Galicia para fomentar a creación de asociacións de mulleres en Chantada.
- ✓ Promover accións formativas sobre habilidades persoais e de comunicación, de liderazgo, novas tecnoloxías, planificación estratéxica ou de xestión de organizacións dirixidas ás mulleres do municipio.
- ✓ Propoñer ás diferentes asociacións do concello exemplos de actividades e/ou talleres que melloren a oferta de ocio e participación da muller na vida pública do concello.
- ✓ Dar continuidade á promoción, dinamización, apoio técnico e económico ás asociacións e colectivos que desenvolvan accións no concello.
- ✓ Continuar prestando asesoramento sobre subvencións e outros datos de interese para o asociacionismo.



II. Formación, Emprego e Conciliación

Obxectivo Xeral: Promover a igualdade entre mulleres e homes no acceso o emprego, á formación e promoción no traballo, con especial atención ás mulleres xóvenes e a aquelas con maiores dificultades de inserción.

Obxectivo específico: Mellorar as oportunidades de empleabilidade da poboación do concello en xeral e das mulleres en particular.

Accións:

- ✓ Crear un recoñecemento á muller emprendedora en calquer ámbito da vida do concello para exemplificar o éxito deste colectivo no mundo laboral.
- ✓ Continuar realizando xornadas formativas e informativas entre a colectividade feminina sobre cómo afrontar a búsqueda de emprego.
- ✓ Facilitar ferramentas que reforcen esa búsqueda, guías, folletos,...
- ✓ Programar nas distintas parroquias do concello accións formativas e de sensibilización que faciliten a inserción laboral da muller, así como a súa recualificación e promoción profesional.
- ✓ Priorizar ás mulleres nas actuacións e programas destinados a fomentar a creación de empresas.
- ✓ Continuar prestando asesoramento sobre a creación de empresas e a súa viabilidade. Así como, sobre as subvencións e axudas para a pequena e mediana empresa.



Obxectivo específico: Fomentar unha cultura empresarial igualitaria para eliminar as discriminacións de xénero no mercado laboral.

Accións:

- ✓ Difusión do II Plan de Igualdade entre o tecido empresarial do municipio.
- ✓ Facerlles partícipes das actividades de sensibilización e promoción da igualdade.

Obxectivo específico: Orientar e facilitar á poboación do concello información sobre os novos requisitos para a obtención de Certificados de Profesionalidade

Accións:

- ✓ Dar continuidade a difusión de información sobre as modificacións introducidas e os requisitos esixidos

Obxectivo específico: Promover a contratación da poboación do concello en xeral e das mulleres en particular.

Accións:

- ✓ Seguir promovendo e publicitando a bolsa de emprego do concello.
- ✓ Dar continuidade a intermediación realizada pola Técnico de Emprego coas empresas da zona, para coñecer as súas necesidades de contratación e facilitarlles perfís profesionais para a súa inserción laboral.
- ✓ Difundir e publicitar entre o empresariado as subvencións e axudas para a contratación.



Obxectivo específico: Desenvolver medidas no ámbito das competencias municipais que favorezan a conciliación familiar, laboral e persoal.

Accións:

- ✓ Manter as ofertas, prazas e servizos de conciliación ofrecidas polo concello (centro de día, escolas deportivas, campamentos, ...)
- ✓ Dar continuidade o servizo de ludoteca durante os períodos vacacionais dos nenos e nenas de Chantada (navidades, verán,...)
- ✓ Impulsar dende a biblioteca municipal a creación dun clube de lectura para mozos e mozas.



III. Educación e Cultura

Obxectivo Xeral: Introducir o principio de igualdade na vida educativa e cultural do concello para impulsar cambios de mentalidade e de enfoque.

Obxectivo específico: Fomentar e difundir as producións artísticas das mulleres.

Accións:

- ✓ Continuar facilitando os espazos municipais para a difusión cultural e artística (fotografía, pintura, manualidades,...) das mulleres de Chantada.
- ✓ Apoiar as actividades culturais e de ocio que realicen as distintas asociacións ou grupos de mulleres.

Obxectivo específico: Integrar a educación en igualdade en todas aquelas actividades do concello dirixidas aos máis xóvenes.

Accións:

- ✓ Continuar promovendo o principio de igualdade entre xéneros a través das actividades socioeducativas que se realizan cos nenos e nenas de Chantada.
- ✓ Seguir fomentando a igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero a través dos programas educativos desenvolvidos dende os servizos sociais.
- ✓ Continuar integrando a igualdade nas actividades de lectura organizadas pola biblioteca do concello.



- ✓ Organizar charlas ou campañas de sensibilización que traballen a prevención e seguridade dos menores en internet, sobre o acoso nos centros educativos,...
- ✓ Levar a cabo campañas de sensibilización entre os nenos e nenas dos centros educativos sobre temas de igualdade: compartir en igualdade o traballo doméstico, os coidados e as responsabilidades familiares,...
- ✓ Elaborar unha guía para pais e nais sobre educación en igualdade e repartición equitativa de tarefas domésticas.

Obxectivo específico: Valorar e fortalecer as aportacións das mulleres dentro da programación cultural do concello.

Accións:

- ✓ Promover a participación dos colectivos de mulleres no deseño da oferta cultural e de ocio, onde se inclúan as preferenzas e necesidades das mulleres.
- ✓ Integrar na oferta cultural do concello actividades que promovan a mellora da autoestima das mulleres e as súas habilidades sociais.
- ✓ Dar continuidade a “semana do cine e do teatro” incorporando na súa programación a contratación de obras que exemplifiquen a realidade da colectividade feminina, xa para fortalecela, xa para sensibilizar sobre temas de interese para este colectivo.



IV. Benestar Social, Deporte e Saúde

Obxectivo Xeral: Incorporar a perspectiva de xénero na programación de actividades que o concello leve a cabo nas áreas de saúde, deporte e benestar.

Obxectivo específico: Informar sobre os hábitos de vida saudables e previr sobre as consecuencias de non adoptar estes hábitos.

Accións:

- ✓ Continuar promovendo charlas entre as familias e mozos/as do concello, sobre hábitos saudables en relación coa alimentación e a práctica deportiva. Informando sobre os prexuízos derivados do consumo de tabaco, alcohol e/ou drogas, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- ✓ Mantemento de actividades educativas para as familias sobre a educación afectivo-sexual responsable, incorporando a perspectiva de xénero.

Obxectivo específico: Impulsar estratexias de autocoidado nas mulleres coa finalidade de que poidan previr e afrontar situacións de estrés e ansiedade.

Accións:

- ✓ Apoiar a realización de charlas ou xornadas nas distintas parroquias do concello sobre temas de interese para as mulleres: cancro, menopausia, alimentación e nutrición, fibromialxia, sexualidade feminina,...
- ✓ Promover actividades dirixidas a mulleres coidadoras de persoas dependentes para previr e afrontar situacións de estrés e ansiedade.



- ✓ Promover a realización de actividades que reforcen a calidade de vida e autoestima das mulleres (talleres de risoterapia, talleres de memoria, ximnasia de mantemento,...)

Obxectivo específico: Dar continuidade a oferta de actividades lúdico-deportivas vinculados a poboación feminina.

Accións:

- ✓ Apoiar actividades que promovan o exercicio físico e un estilo de vida activo (clases de baile, andainas,...).
- ✓ Mellorar a difusión e publicidade da oferta deportiva e saúdale que organiza o concello entre as mulleres e as asociacións.
- ✓ Seguir impulsando dende as escolas deportivas actividades saudables non estereotipadas en función do xénero, e fomentar a participación de nenos e nenas a través da creación de equipos mixtos.



V. Intervención Social e Violencia de Xénero

Obxectivo Xeral: previr e erradicar a violencia de xénero, mellorando o mesmo tempo a situación das vítimas.

Obxectivo específico: Fomentar e publicitar o acceso a información e asesoramento sobre os recursos que o concello pon ó alcance das mulleres que sofren violencia de xénero.

Accións:

- ✓ Manter os servizos e recursos existentes para a atención a vítimas de violencia de xénero (Centro de Información ás Mulleres de Chantada).
- ✓ Seguir facilitando información ás mulleres en xeral, e as vítimas de violencia de xénero en particular, acerca de temas xurídicos e axuda psicolóxica.

Obxectivo específico: Sensibilizar á poboación sobre as diferentes manifestacións da violencia de xénero a través de actividades informativas nos diferentes ámbitos sociais.

Accións:

- ✓ Promover campañas de sensibilización contra a violencia de xénero en espazos de atención sanitaria.
- ✓ Desenvolver actividades para a prevención da violencia de xénero no ámbito educativo.
- ✓ Divulgar os recursos de atención en materia de violencia de xénero que existen no concello.



- ✓ Continuar coa celebración a nivel municipal do 25 de novembro (Día contra a Violencia de Xénero).

Obxectivo específico: Mellorar a re-adaptación das vítimas a unha situación de benestar e control en tódolos aspectos da vida.

Accións:

- ✓ Na medida en que os recursos e medios do concello o posibiliten, poñerose a disposición da muller maltratada os recursos de urxencia necesarios para asegurar o seu benestar.
- ✓ Fomentar a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero mediante a inclusión en programas formativos ou de emprego.



VI. Administración pública

Obxectivo Xeral: Aplicar e consolidar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas políticas do concello, así como nas súas relacións con outras institucións.

Obxectivo específico: Incorporar a perspectiva de xénero nas políticas municipais do concello de Chantada, estendendo o persoal municipal a sensibilización sobre a necesidade de alcanzar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Accións:

- ✓ Difusión e presentación do II Plan de Igualdade de Oportunidades a tódalas áreas e servizos municipais dos que se compón o concello.
- ✓ Levar a cabo accións de capacitación para o persoal do concello (político e técnico) en materia de Igualdade de Oportunidades.
- ✓ Incorporar a variable sexo en estatísticas, estudos e investigacións que se leven a cabo polos servizos municipais.
- ✓ Favorecer a utilización dunha linguaxe e de imaxes non sexistas e dos valores de igualdade na información municipal proporcionada á cidadanía.

Obxectivo específico: Informar e facer participe á poboación do traballo que leva a cabo o concello en pro da igualdade.

Accións:

- ✓ Informar a través da web do concello de tódalas actuacións e información relevante en materia de igualdade.



- ✓ Fomentar e promover as relacións con administracións, institucións e/ou entidades que teñan por finalidade alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- ✓ Difundir entre a cidadanía, axentes dinamizadores do concello e organismos públicos este Plan de Igualdade.



6. Organismo promotor e Entidades participantes

Para levar a cabo cada unha das accións descritas ó longo das áreas que integran o presente Plan foi necesario requerir a colaboración e compromiso do rexidor do concello, áreas municipais, axentes sociais, e demais organismos públicos intervincentes na vida do concello.

Indícase a continuación a relación daqueles cos que se conta para a implantación do II Plan de Igualdade:

Concello

- Alcaldía
- Teniente da Alcaldía
- Secretaría
- Emprego
- Área de Educación, Deportes, Medio Ambiente e Medio Rural
- Área de Servizos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá
- Área de Cultura, Eventos, Emprego e Patrimonio
- Área de Saúde Pública, Comercio, Turismo e Xuventude

Organismos Públicos

- Centro de Información ás Mulleres de Chantada
- Casa da Cultura
- Biblioteca Municipal
- Oficina de Turismo



- Oficina de Información a Xuventude
- Centro de Día para a Terceira Idade
- Asociación de Empresarios de Chantada
- Escolas Deportivas
- Casa da Xuventude
- Centro de Saúde
- Forzas de seguridade
- Xuzgado de Primeira Instancia
- Centros de ensinanza de primaria e secundaria
- Gardería



7. Ámbito temporal e xeográfico

O período de vixencia do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Chantada é de catro anos, **entre 2013 e 2017**. Este período formulouse pola necesidade de propiciar cambios progresivos que faciliten a estabilidade das accións, o aprendizaxe e a capacitación, así como a avaliación da igualdade conseguida.

Respecto ó **ámbito xeográfico**, o Concello de Chantada está constituído polas seguintes parroquias: Monte, Adá, Arcos, Pedrafita, Argozón, Mouricios, Muradelle, Mariz, Veiga, Subadelle, Pesqueiras, Merlán, Fornas, Laxe, Mato, S. Xurxo de Asma, Chantada, Líncora, San Fiz de Asma, Requeixo, Brigos, S. Salvador de Asma, Camporramiro, Belesar, Esmeriz, A Grade, Viana, Bermún, Esmoriz, Sta. Cruz de Viana, Sta. Uxía, Pereira, Vilaúxe, Santiago da Riba, A Sariña e Nogueira de Miño. A poboación do concello ascende a un total de 8.783 habitantes, dos que 4.266 son homes e 4.517 son mulleres.

O Plan elaborouse e implantarase co obxectivo de chegar a cada unha das parroquias do Concello e a un 70% da poboación.



8. Avaliación e Seguimento

O seguimento periódico e a avaliación son procesos complementarios que permiten monitorizar o desenvolvemento do II Plan de Igualdade e os resultados conseguidos en tódalas áreas de actuación. A información obtida nesta fase posibilita a corrección ou adaptación das accións, proporcionándolle ó Plan a flexibilidade necesaria para o seu éxito.

Un dos principais obxectivos da avaliación é poder dimensionar cuantitativa e cualitativamente os resultados obtidos, as desigualdades corrixidas, as propostas de mellora,... xa para aprender das incidencias ou erros cometidos durante a súa implantación, xa para continuar traballando naquelas que tiveron éxito e que influíron na vida, mentalidade ou perspectiva da poboación. Deste modo, a avaliación final do II Plan de Igualdade permitiranos:

- Coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos propostos no Plan e os resultados obtidos mediante o desenvolvemento das actuacións.
- Analizar o proceso de desenvolvemento do Plan e a adecuación das actuacións plantexadas, así como os recursos, metodoloxías e procedementos empregados.
- Detectar as debilidades e fortalezas do Plan.
- Detectar e visibilizar os efectos do Plan na sociedade de Chantada.
- Informar sobre o grao de cumprimento do Plan.
- Identificar novas necesidades que requiren accións para seguir avanzando no fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



9. Metodoloxía

A elaboración do II Plan de Igualdade que presentamos, foi produto dun importante traballo conxunto no que participou o persoal do concello, tanto técnico como político, así como outros axentes e organismos públicos e privados que forman parte da vida do concello.

A continuación, desgranamos as partes que conformaron o proceso íntegro de deseño deste Plan:

Fase inicial.

Nesta etapa ten lugar a primeira reunión do equipo técnico que se responsabilizará do proceso de elaboración do II Plan. Temas a tratar:

- Designación das persoas do concello, axentes e organismos que forman parte da vida social, económica, cultural, educativa, etc. do Municipio cos que deberán reunirse para coñecer as súas necesidades de cara a este II Plan.
- Planificación das entrevistas e previsión dos tempos e recursos necesarios para levar a cabo o traballo.

Recadación e análise de datos.

Faise imprescindible nesta fase recoller a máxima información para coñecer a situación da igualdade no concello, así como as necesidades de cada unha das partes protagonistas de dar contido ó Plan de Igualdade. Para elo foi necesario:

- Reunións con cada un dos responsables das áreas do concello.
- Entrevistas e visitas con cada un dos axentes e organismos dinamizadores da vida do concello.



- Recopilar información sociodemográfica, económica, cultural, laboral e social do concello.

Determinación das áreas e elaboración do II Plan de Igualdade.

A información conseguida na fase anterior permitiu definir para cada unha das áreas de intervención do Plan os seguintes parámetros:

- Obxectivo xeral.
- Obxectivo específico.
- Accións a implantar para cada obxectivo.
- Persoal do Concello responsable do seu cumprimento.

Por último, e co consenso de tódalas partes implicadas na elaboración do Plan levouse a cabo a súa redacción, dando contido a cada unha das áreas que conforman o II Plan de Igualdade de Oportunidades que presentamos.

Chantada, Novembro 2013



a g O u d
a g u l A e
A i d s
p O A n
D i A
a i d
g
l p a



Plan de Igualdade de oportunidades



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

"O FSE inviste no teu futuro"



CONCELLO DE CHANTADA